

Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 226, do 4.3.1988.

Emendas, BOPG núm. 238, do 5.4.1988.

Debate de totalidade, DSPG núm. 85, do 26.4.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 314, do 11.11.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 321, do 3.12.1988.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 321, do 3.12.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 108, do 20.12.1988, e 109, do 21.12.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 329, do 27.12.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 7, do 11.1.1989.

Boletín Oficial del Estado núm. 37, do 13.2.1989.

Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde

Derrogada pola Lei 7/2003, do 5 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, agás os artigos 1 e 2.

A Constitución e o noso Estatuto de Autonomía atribúenlle a Galicia, como nacionalidade histórica, importantes competencias en materia sanitaria, o que lle vai permitir ter unha sanidade propia, diferenciada, axustada á súa realidade nacional, que lles dea adecuada resposta ás necesidades dos seus cidadáns.

Trátase, en definitiva, de lograr para Galicia unha sanidade integral, superadora da clásica e estéril dicotomía saúde pública-asistencia sanitaria.

O artigo 33 do Estatuto de Autonomía establece que lle corresponden á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

Para logra-lo fin proposto, sobre a base desta norma estatutaria, e en concordancia co establecido pola Lei Xeral de Sanidade, faise precisa a creación dun organismo único que, respondendo ós principios de integración, desconcentración, simplificación, racio-

nalización, economía, eficacia e participación democrática da comunidade, xestione os servizos sanitarios existentes en Galicia, sen prexuício da súa coordinación cos demais servizos de saúde do Estado.

Este organismo permite a ordenada asunción da totalidade dos servizos e das funcións das distintas redes sanitarias públicas, central, provincial e local.

Coa creación na presente Lei do Servicio Galego de Saúde posibilitase a estrutura que permite desenvolver unha maior e máis eficaz atención á saúde do pobo galego, e acadar unha racional e coordinada utilización dos medios e recursos sanitarios existentes en Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Servicio Galego de Saúde.

Título I

Natureza e funcións

Artigo 1

Pola presente Lei créase o Servicio Galego de Saúde, que terá como finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de tódolos recursos sanitarios e asistenciais existentes no seu territorio, no ámbito da súa competencia.

O Servicio Galego de Saúde constitúese como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá a dirección e o control do mesmo.

Artigo 2

A organización e o funcionamento do Servicio Galego de Saúde responderá ós principios de integración, desconcentración, simplificación, racionalización, economía, eficacia e participación democrática da comunidade.

Artigo 3

O Servicio Galego de Saúde terá as seguintes funcións:

a) O desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde (física, mental, social ou de relación e ecolóxica ou ambiental), xestionando a sanidade en tódalas súas facetas: información e educación

sanitarias, promoción da saúde, prevención da enfermidade, asistencia sanitaria, rehabilitación e reinserción social.

b) A execución e o desenvolvemento dos programas de docencia e investigación que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia, ou que sexan necesarios para os seus fins.

c) A xestión das prestacións farmacéuticas e complementarias.

d) Calquera outra que lle sexa encomendada polo Consello da Xunta ou pola Consellería de Sanidade no ámbito da súa competencia.⁽¹⁾

Artigo 4

O Servicio Galego de Saúde axustará a súa actuación ás normas e instrucións emanadas da Consellería de Sanidade, á que, en todo caso, lle corresponde:

a) Elabora-la planificación xeral sanitaria de Galicia e propoñerlle ó Consello da Xunta, para a súa aprobación, o Plan de Saúde da Comunidade Autónoma.

b) A fixación de criterios de actuación do organismo para o desenvolvemento e a execución da política de saúde en Galicia.

c) Propoñerlle ó Consello da Xunta de Galicia o nomeamento

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 3 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

ou o cesamento do Director Xeral do organismo.

d) A elevación, para a súa aprobación, ó Consello da Xunta do anteproxecto de Regulamento xeral do organismo.

e) A aprobación do anteproxecto de presuposto do organismo.

f) Elevarlle ó Consello da Xunta, para a súa aprobación, o anteproxecto de cadro de persoal que elabore o Servicio Galego de Saúde.

g) A aprobación da memoria anual de actuación do Servicio Galego de Saúde, da que se lle dará conta ó Consello da Xunta de Galicia.

h) A inspección do Servicio Galego de Saúde.

i) A aprobación da estrutura básica do sistema de información sanitaria de Galicia.

l) A aprobación, avaliación, seguimento e control da investigación e da docencia sen prexuício das competencias atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ll) O nomeamento ou a remoción do persoal directivo das áreas de saúde.

m) A política xeral de relación con outras Administracións Públicas.⁽²⁾

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 4 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

Título II

Organización

Artigo 5

O Servicio Galego de Saúde estrutúrase nos seguintes órganos:

1.— De dirección e xestión.

1.1.— Superiores:

a) O Consello de Administración.

b) A Dirección Xeral.

1.2.— Territoriais:

a) Consellos de Dirección de Área.

b) Xerentes de Área.

2.— De participación:

a) Consello Galego de Saúde.

b) Consellos de Saúde de Área.⁽³⁾

Capítulo I

Órganos de dirección e xestión

Artigo 6

1. O Consello de Administración estará integrado polos seguintes membros:

a) O Conselleiro de Sanidade, que será o seu presidente.

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 5 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

b) Tres representantes da Consellería de Sanidade, nomeados polo Conselleiro.

c) O Director Xeral do Servizo Galego de Saúde.

d) Tres representantes da Administración da Comunidade Autónoma, nomeados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do Conselleiro de Sanidade.

e) Dous representantes das Corporacións Locais, designados na forma que regulamentariamente se estableza.

Actuará como secretario do Consello de Administración, con voz pero sen voto, o secretario do Servizo Galego de Saúde.

2. Son funcións do Consello de Administración:

a) Definir as liñas xerais de actuación do organismo de acordo cos criterios emanados da Consellería de Sanidade.

b) Emitir informe sobre o anteproxecto de presuposto do Servizo Galego de Saúde e elevarlo á Consellería de Sanidade.

c) Emitir informe sobre a memoria anual do Servizo Galego de Saúde e elevarla para a súa aprobación á Consellería de Sanidade.

d) Elaborar todos aqueles informes que en materia da súa competencia lle sexan solicitados pola Consellería de Sanidade.

e) Elaborar e propoñerlle ó presidente o Regulamento de réxime

interior do organismo, que se axustará ó previsto no capítulo II do título I da Lei de Procedemento Administrativo.

f) Cantas outras se deriven da normativa vixente.

3. O Consello de Administración funcionará sempre en Pleno e reunirse cada dous meses e sempre que sexa convocado polo seu presidente ou por solicitude dun tercio dos seus membros.

Artigo 7

1. O Director Xeral do Servizo Galego de Saúde, para tódolos efectos, ostentará a representación legal do organismo.

2. Son funcións do Director Xeral:

a) A execución dos acordos do Consello de Administración.

b) A dirección, xestión e inspección de tódalas actividades do organismo.

c) Presentarlle ó Consello de Administración o anteproxecto de presuposto e a memoria anual de actividades do organismo, e mailo anteproxecto do cadro de persoal.

3. A estrutura orgánica da Dirección Xeral, da que formará parte a Secretaría do organismo, establecerase regulamentariamente.⁽⁴⁾

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 7 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

Artigo 8

O Consello de Dirección de cada área de saúde terá a seguinte composición e funcións:

1.— Composición.

O Consello de Dirección da Área de Saúde estará formado por dez membros:

a) Seis designados pola Consellería de Sanidade.⁽⁵⁾

b) As Corporacións Locais estarán representadas no Consello de Dirección por catro membros elixidos polos que representen no Consello de Saúde da Área ás aludidas Corporacións.

O presidente, que será un dos seus membros, será designado polo Conselleiro de Sanidade.

2.— Funcións.

Son funcións do Consello de Dirección da Área de Saúde:

a) Propoñe-lo nomeamento e o cesamento do xerente da área de saúde.⁽⁶⁾

b) Aproba-lo anteproxecto do Plan de Saúde da Área, de acordo coas directrices e cos programas xerais establecidos pola Consellería de Sanidade.

c) Elevarlle á Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral do organismo, o anteproxecto do Plan de Saúde da Área, para a súa aprobación, se é o caso.

d) Aproba-las prioridades específicas da área de saúde.

e) Establece-los criterios xerais de coordinación na área de saúde.

f) Aproba-la memoria anual da área de saúde.

g) Elabora-lo Regulamento do Consello de Dirección da Área de Saúde, de acordo coas directrices dictadas pola Dirección Xeral do organismo, á que lle corresponderá a súa aprobación.

h) Apoiar tecnicamente ós Concellos no desenvolvemento das funcións que, en canto a normas e plans sanitarios, teñen atribuídas.

Artigo 9

1. O xerente da área de saúde é o órgano de xestión da mesma.

2. O Director Xeral do Servizo Galego de Saúde, por proposta do Consello de Dirección da Área, nomeará e dispoñerá o cesamento do xerente da área.

3. O xerente da área de saúde será o encargado da execución das directrices establecidas polo Consello de Dirección, das propias do Plan de Saúde da Área e das normas emanadas da Administración Autonómica e da do Estado. Así mesmo presentará os anteproxectos do Plan de Saúde e das súas

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. A letra a) do apartado 1 do artigo 8 foi modificada polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. A letra a) do apartado 2 do artigo 8 foi derrogada pola disposición derogatoria.1 da Lei 8/1991.

adaptacións anuais e o proxecto de memoria anual da área de saúde.⁽⁷⁾

Capítulo II

Órganos de participación

Artigo 10

1. Créase, no seo do Servizo Galego de Saúde, o Consello Galego de Saúde, como órgano consultivo, de control e de participación comunitaria de carácter representativo e democrático.

2. O Consello Galego de Saúde terá as seguintes funcións:

a) Coñecer e emitir informe sobre o Plan Galego de Saúde da Comunidade Autónoma antes da súa elevación ó Consello da Xunta de Galicia.

b) Propoñer aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a eleva-lo nivel de saúde da poboación.

c) Propoñer medidas tendentes a mellora-la xestión do Servizo Galego de Saúde.

d) Realiza-lo seguimento e a avaliación da xestión do Servizo Galego de Saúde.

e) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de presuposto do Servizo Galego de Saúde.

f) Elabora-lo Regulamento de funcionamento do mesmo.

3. O Consello Galego de Saúde terá un total de 46 membros, dos cales 12 serán en representación dos cidadáns, a través das Corporacións Locais, 8 en representación das centrais sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma, cunha distribución que se fixará regulamentariamente tendo en conta os criterios de proporcionalidade establecidos na Lei Orgánica de Liberdade Sindical, 8 en representación das organizacións empresariais, 6 en representación da Administración sanitaria da Comunidade Autónoma, 6 en representación das organizacións de consumidores e 6 en representación dos colexios profesionais.

4. Será presidente do Consello Galego de Saúde o Conselleiro de Sanidade ou a persoa en quen delegue, de entre os seus membros.

5. O Consello Galego de Saúde reunirse, cando menos, unha vez ó trimestre e, en todo caso, cando sexa convocado polo seu presidente ou por solicitude dun tercio dos seus membros. O funcionamento e o réxime de acordos axustaranse ó establecido para os órganos colexiados na Lei de Procedemento Administrativo e no seu propio Regulamento.

Artigo 11

1. En cada área de saúde existirá un Consello de Saúde de Área como órgano colexiado de partici-

(7) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 9 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

pación comunitaria para a consulta e o seguimento da xestión.

2. Os Consellos de Saúde de Área estarán constituídos por 16 membros:

— Seis polas Corporacións Locais correspondentes á respectiva área de saúde.

— Tres pola Administración sanitaria da área de saúde.

— Dous polas organizacións sindicais de especial representación no sector.

— Dous polas organizacións empresariais.

— Dous polas organizacións de consumidores elixidos polas asociacións de consumidores da área.

— O xerente da área de saúde.⁽⁸⁾

3. Son funcións dos Consellos de Saúde de Área:

a) Verifica-la adecuación das actuacións na área de saúde ás normas e directrices da política sanitaria emanadas da Consellería.

b) Orienta-las directrices sanitarias da área; para este fin poderánlles elevar mocións e informes ós órganos de dirección da área.

c) Proponer medidas que se deban desenvolver na área de saúde para estudia-los problemas

sanitarios específicos das mesmas, así como as súas prioridades.

d) Promove-la participación comunitaria no seo da área de saúde.

e) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto do Plan de Saúde da Área e das súas adaptacións anuais.

f) Coñecer e emitir informe sobre a memoria anual da área de saúde.

4. Será presidente do Consello de Saúde de Área un dos seus membros designado polo Director Xeral do organismo.

5. O Consello de Saúde de Área reunirase, cando menos, unha vez ó trimestre e, en todo caso, cando sexa convocado polo presidente ou por solicitude dun tercio dos seus membros. O funcionamento e o réxime de acordos axustaranse ó establecido para os órganos colexiados na Lei de Procedemento Administrativo e no seu propio Regulamento.

Título III

Ordenación funcional

Artigo 12

1. As áreas de saúde son as estruturas fundamentais do sistema sanitario, responsabilizadas da xestión unitaria dos centros e establecementos do Servicio Galego de Saúde comprendidos dentro dos seus límites territoriais e de tódalas prestacións sanitarias e

(8) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 2 do artigo 11 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

programas sanitarios que desenvolvan os mesmos. En todo caso, as áreas de saúde deberán desenvolver-las seguintes actividades:

a) No ámbito da atención primaria á saúde, mediante fórmulas de traballo en equipo, atenderase o individuo, a familia e a comunidade, desenvolvéndose mediante programas, funcións e prevención da saúde, curación e rehabilitación, a través tanto dos seus medios básicos coma dos equipos de apoio á atención primaria.

b) No nivel de atención especializada que hai que realizar nos hospitais e centros de especialidades dependentes funcionalmente daqueles, prestarase a atención de maior complexidade ós problemas de saúde e desenvolveranse as demais funcións propias dos hospitais.

2. O Servicio Galego de Saúde ordenarase en nove demarcacións territoriais denominadas áreas de saúde, que son:

- Cervo
- Lugo
- Ferrol
- A Coruña
- Santiago
- Pontevedra
- Vigo
- Monforte de Lemos
- Ourense⁽⁹⁾

(9) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 2 do artigo 12 foi suprimido polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

3. As áreas de saúde, á súa vez, dividiránse en zonas de saúde, que serán o marco territorial básico de atención primaria integrada de saúde. A súa delimitación farase regulamentariamente atendendo a criterios demográficos, xeográficos, poboacionais, sociais e de funcionalidade, e o seu réxime de funcionamento determinarase regulamentariamente.⁽¹⁰⁾

Artigo 13

1. En cada área de saúde existirá, cando menos, un hospital xeral de referencia que ademais das funcións asistenciais que lle sexan propias desenvolverá aquelas de promoción de saúde, prevención da enfermidade, investigación e docencia, de acordo cos plans aprobados pola Consellería para cada área de saúde.

2. Á rede hospitalaria do Servicio Galego de Saúde poderán incorporarse os hospitais de carácter privado a través dos oportunos concertos, que terán carácter complementario e se axustarán ás normas de planificación dictadas pola Consellería e á forma que se determine regulamentariamente.⁽¹¹⁾

(10) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 3 do artigo 12 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991, pasando a se-lo apartado 2.

(11) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 13 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 8/1991.

Título IV

Medios persoais e materiais

Artigo 14

1. Integrarán o persoal do Servizo Galego de Saúde:

a) Os funcionarios pertencentes ós diferentes corpos e escalas da Administración do Estado, dos seus organismos autónomos, da Administración Autonómica de Galicia e das entidades locais que sexan adscritos ó Servizo.

b) O persoal que sexa transferido procedente do Instituto Nacional de Saúde e do Instituto Social da Mariña.

c) Os funcionarios públicos do propio organismo.

d) O persoal laboral da Comunidade Autónoma, o transferido á mesma e o das entidades locais que sexa adscrito ó Servizo.

e) O persoal laboral que sexa contratado polo organismo de acordo coa normativa vixente.

2. O réxime xurídico do persoal do organismo será o regulado polas disposicións que nesta materia rexan na Comunidade Autónoma de Galicia, con reserva dos dereitos adquiridos pola súa anterior relación de emprego e sen prexuício das opcións que voluntariamente poidan exercer no futuro.

(12)

(12) Polo artigo primeiro da Lei 8/1991 foille engadido un apartado 3 ó artigo 14.

Artigo 15

Afectaranse ó Servizo Galego de Saúde, de acordo coa Lei do Patrimonio de Galicia:

a) Os bens e dereitos de toda índole dos que a titularidade lle corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia que se adscriban ó mesmo.

b) Os bens e dereitos de toda índole afectos ós servizos do sistema da Seguridade Social nos termos que se establezan nos correspondentes Reais Decretos de transferencias.

c) Os bens e dereitos das entidades locais que se lle adscriban mediante convenio ou disposición legal.

d) Calquera outro ben e dereito que lle poida ser adscrito.

Título V

Facenda, presupostos e contabilidade

Artigo 16

A facenda do Servizo Galego de Saúde estará composta por:

a) Os rendementos procedentes dos bens e dereitos propios ós que fai referencia o artigo 15.

b) Os recursos que lle sexan asignados con cargo ós Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Os recursos que lle poidan corresponder pola participación

da Comunidade Autónoma de Galicia nos presupostos de asistencia sanitaria da Seguridade Social.

d) As consignacións que deban realiza-las Corporacións Locais con cargo ós seus presupostos nos termos previstos nos apartados 4 e 5 da Disposición Transitoria primeira da Lei 14/86.

e) Os ingresos ordinarios e extraordinarios para os que estea autorizado ou os que se lle autorice percibir segundo as disposicións vixentes.

f) As subvencións ou aportacións voluntarias de entidades e particulares.

g) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.

Artigo 17

1. A elaboración, estrutura, execución e control do presuposto do Servicio Galego de Saúde, integrado nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, rexeranse e axustaranse ó establecido na mesma.

2. De acordo co establecido no parágrafo anterior, o Servicio Galego de Saúde axustarase na súa actuación ó réxime de contabilidade pública establecido na Lei 3/1984, do 3 de abril, e quedará plenamente sometido ó dito réxi-

me e ás normas que se dicten en desenvolvemento da citada Lei.

Título VI

Réxime xurídico

Artigo 18

1. Os actos administrativos do Servicio Galego de Saúde deberán axustarse, no que a réxime xurídico se refire, ó establecido no título IV da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, ás disposicións que a desenvolvan e ó establecido sobre esta materia pola Lei do 26 de decembro de 1958, reguladora do Réxime Xurídico das Entidades Estatais Autónomas.

2. Contra os actos administrativos e as disposicións de carácter xeral emanadas do Servicio Galego de Saúde poderanse interpoñer-las recursos de reposición, alzada ou revisión nos mesmos supostos, forma e prazos que se determinan na lexislación sobre procedemento administrativo.

3. Contra os actos emanados do Director Xeral do Servicio Galego de Saúde poderá interpoñerse o de alzada perante o Conselleiro de Sanidade.

4. En relación cos actos emanados do Servicio Galego de Saúde relativos á prestación da asistencia sanitaria do sistema da Seguridade Social, serán de aplicación as normas vixentes de procedemento laboral.

Artigo 19

1. A coordinación dos letrados do Servizo Galego de Saúde co resto dos servizos xurídicos da Administración Autonómica será exercida pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta.

2. O asesoramento xurídico, así como a representación e defensa en xuicio do Servizo Galego de Saúde, corresponderanlles ós letrados do mesmo, nos termos previstos no artigo 447 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Título VII

Centros, entidades
e organizacións
sanitarias públicas e privadas

Artigo 20

O Servizo Galego de Saúde deberá garanti-la adecuada utilización de tódolos recursos sanitarios de Galicia e poderá establecer concertos con hospitais privados e con outro tipo de entidades e organizacións de prestación de servizos sanitarios sempre que se cumpran as condicións de acreditación e homologación establecidas pola Consellería de Sanidade.

O Servizo Galego de Saúde facilitará a libre elección de médico e centro sanitario dentro dos existentes na súa demarcación territorial.

Disposición adicional

A Xunta de Galicia dotará o Servizo Galego de Saúde, dentro das

disponibilidades presupostarias, das partidas necesarias para o cumprimento dos seus fins.

Disposición transitoria primeira

No momento de asumi-lo traspaso das funcións e dos servizos do Instituto Nacional de Saúde e da rede sanitario-asistencial do Instituto Social da Mariña á Comunidade Autónoma de Galicia, os medios persoais e materiais adscritos ós mesmos integraranse automaticamente no Servizo Galego de Saúde.⁽¹³⁾

Disposición transitoria segunda

Á entrada en vigor da presente Lei, procederase a dar cumprimento ó establecido na Disposición Transitoria primeira da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, sobre establecementos e servizos sanitarios das entidades locais.⁽¹⁴⁾

Disposición transitoria terceira

O persoal que se integre no Servizo Galego de Saúde manterá a situación administrativa e o seu réxime retributivo mentres, no desenvolvemento da Lei da Función Pública de Galicia, non se

(13) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición transitoria primeira foi modificada polo artigo segundo da Lei 8/1991.

(14) A disposición transitoria segunda foi modificada polo artigo segundo da Lei 8/1991.

promulguen as normas tendentes á homologación do réxime económico-administrativo do persoal que se integre nel.⁽¹⁵⁾

Disposición transitoria cuarta

O Servicio Galego de Saúde, no proceso de selección de persoal e de provisión de postos de traballo, dictará as disposicións oportunas para que se teña en conta o coñecemento do idioma galego.⁽¹⁶⁾

(17)

Disposición derradeira

O Consello da Xunta queda facultado para dictar as disposi-

cións necesarias para a execución e o desenvolvemento da presente Lei.⁽¹⁸⁾

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto nesta Lei.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 1989

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

(15) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición transitoria terceira foi modificada polo artigo segundo da Lei 8/1991.

(16) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición transitoria cuarta foi modificada polo artigo segundo da Lei 8/1991.

(17) Polo artigo segundo da Lei 8/1991 fóronlle engadidas a esta lei as disposicións transitorias quinta, sexta, sétima e oitava.

(18) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición derradeira foi modificada polo artigo terceiro da Lei 8/1991, que ademais lle engadiu unha disposición derradeira segunda.